

Concello de Covelo

MEMORIA E ORZAMENTO

Programa de rutas guiadas pola Rede Municipal de Sendeiros do Concello de Covelo 2019

O Concello de Covelo dispón dunha rede municipal de rutas de senderismo formada pola ruta AQUA, Poza Piñeiro, Rio Alén, Foxo do Lobo, Xabriña, As estrelas e Pedra do Lobo que percorren os montes e vales das distintas parroquias do concello. Dita rede municipal de Sendeiros é un dos principais atractivos e nos últimos anos incrementouse a asistencia ás mesmas de forma considerable.

Os visitantes e camiñantes disfrutan dunha natureza ben conservada e rica en biodiversidade de diferentes hábitat naturais, ademais dos elementos patrimoniais e etnográficos que se poden apreciar ao longo do seu percorrido como chozas de pastores, currais, levadas e pozas de rego, muíños, matadoiros, aserradoiro etc.

Pois ben, coa intención de promocionar e divulgar os recursos turísticos do concello presentamos o seguinte presuposto para a organización de x Rutas Guiadas con explicación dos valores naturais, hábitat presentes e patrimonio etnográfico, arquitectónico e arqueolóxico existentes que percorreran a Rede Municipal de Sendeiros do Concello de Covelo nos meses de Xuño, Xullo, Agosto e Setembro de 2019 e unha ruta nocturna con visión estelar e iniciación á astronomía.

Concepto	Importe
7 Rutas Guiadas da RMS do Concello de Covelo con explicación dos valores naturais, hábitat presentes e patrimonio etnográfico, arquitectónico e arqueolóxico existentes: Ruta AQUA, Poza Piñeiro, Rio Alén, Foxo do Lobo, Xabriña, As Estrelas e Pedra do Lobo	980
1 Ruta nocturna con visión de estrelas e iniciación á astronomía	300
IVA 21%	268,8
Total	1.548,8 €

En Covelo, a data de marxe

Alcalde-Presidente

Juan Pablo Castillo Amigo



Concello de Covelo

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 Pontevedra. Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131